

XORNADA

A PUBLICIDADE EN GALEGO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

23 DE OUTUBRO DE 2014



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

En 1995, o Consello da Cultura Galega publicaba o volume *Publicidade e lingua galega*, de Fernando Ramallo e Gabriel Rei, que abordaba por primeira vez un estudo estatístico da actitude dos consumidores perante o uso do galego na publicidade, rigoroso e pretendidamente obxectivo, aínda que sobrenadaba a finalidade animadora.

Daquela xa existía a Fundación Galicia Empresa. Nacera en 1993 e entre as súas preocupacións atopábase normalizar a presenza do galego na publicidade de produtos comerciais e na presenza corporativa das empresas. O contacto con empresarios puña de manifesto que a resistencia estaba non tanto na cúspide das empresas, senón nos postos de responsabilidade intermedia e, sobre todo, nas empresas de publicidade, que en xeral desanimaban calquera intención de opción en galego invocando diversos razoamentos. Para darlles voz aos verdadeiros responsables das empresas e armar argumentos obxectivos a través dunha mostraxe de actitudes científica, naceu o libro *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua galega*, editado no ano 1997 polo Consello da Cultura Galega. De novo, Fernando Ramallo e Gabriel Rei trataron a cuestión do galego na publicidade nun traballo que inclúe, ademais da parte estatística, unha transcripción de 27 entrevistas a empresarios ou directivos de empresas representativas, entre elas todas as que daquela formaban parte da Fundación Galicia Empresa.

Dezasete anos despois daquel proxecto, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Galicia Empresa consideran oportuno examinar o estado actual da publicidade en galego. No decurso desta encontro, cómpre fixar a atención nas debilidades, pero tamén se poderá comprobar que aqueles esforzos anteriores propiciaron ou axudaron a situacións mellores.

O seminario pretende revisar un aspecto da comunicación fundamental para a normalización da nosa lingua, atendendo o aspecto diacrónico e de evolución, e fotografando o estado actual, desde os puntos de vista das empresas, da teoría da comunicación, da publicidade e da lingua.

PROGRAMA

XOVES, 23 DE OUTUBRO

16:00 horas

Inauguración

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega

Juan Manuel Sánchez Padrós, presidente da Fundación Galicia Empresa

16:15 horas

Panorama da publicidade en Galicia: unha achega xeral

Alberto Pena, profesor titular de Historia da Propaganda e da Publicidade na Universidade de Vigo

17:15 horas

Pausa

17:30 horas

Mesa redonda

Marco histórico e actual

A publicidade de Galicia. Sincronía e diacronía

Alberto Dafonte, profesor de Publicidade na Universidade de Vigo

O galego na publicidade. Sincronía e diacronía

Benigno Fernández Salgado, profesor de Linguaxe publicitaria en galego da Universidade de Vigo

18:45 horas

Mesa redonda

O punto de vista das empresas

José Manuel Díaz Balado, director de Servizos ao cliente de BAP&Conde
Francisco Rodeiro Marta, director de Planificación Estratéxica e Modelo de Negocio de R

Antonio Cortés, director de *marketing* de Gadisa

Alejandro Vázquez, publicista e profesor de Publicidade da Universidade de Santiago

20:00 horas

Peche e conclusións

ORGANIZA:

Consello da Cultura Galega

COORDINAN:

Xosé López García e Paulino Novo

COLABORA:

Fundación Galicia Empresa

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

Inscrición:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.org
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia a Xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantizará a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:

www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.org/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel: 981 957 202 / Fax 981 957 205

COLABORA:

FUNDACIÓN GALICIA  EMPRESA